Federación Galega de Pesca e Casting
Praza Agustín Díaz 1
Complexo Deportivo de Elviña, Local 5
15008 a Coruña
www.fgpesca.org
federación@fgpesca.org

# CAMPIONATO AUTONÓMICO

# AUGA DOCE XUVENTUDE 2021

**ESCENARIO:** Encoro de San Martiño (A Rúa - Ourense)

**DATA:** sábado 10 de xullo de 2021

**RECEPCIÓN DE PARTICIANTES:** No escenario ás 10,00 horas.

Normas xerais.- Este Campionato desenvolverase con acordo a estas bases, á Lei de Pesca Fluvial de Galicia, ao seu DECRETO regulador e ao Regulamento de Competicións da Federación Española de Pesca e Casting.

Normativa particular.- O escenario estará dividido en sectores, os cales estarán constituídos por postos de 10 metros aproximadamente, que serán adxudicados aos participantes mediante sorteo. A competición constará de 1 manga de 2 horas e media de duración.

**PROGRAMA**

10,00 – Reunión dos participantes.
10,20 – Sorteo de postos.
10,30 – Entrada ós postos, colocación do material e proba de calados.
11,25 – Sinal de cebado intensivo.
11,30 – Sinal de inicio da acción de pesca.
13,55 - Sinal de que faltan 5 minutos.
14,00 - Sinal de fin da manga.

Unha vez rematada a acción de pesca, o deportista, fixese ou non capturas, permanecerá no seu posto de pesca sen manipular as capturas agardando a que os membros da organización realicen a pesaxe. As capturas voltarán ao redello unha vez pesadas e este será introducido na auga. A continuación o deportista actuará como testemuña na pesaxe do seguinte participante. Ao remate da pesaxe do sector, os membros da organización darán a orde de devolver os peixes que corresponda á auga.

**MATERIAL.** –Unha cana en acción de pesca con ou sen carrete, podendo ter montadas ou non as que precise (en reserva). A lonxitude máxima da cana será de 13 metros.

**ENGODO.** – Inspeccionarase o seu volume. Permítese un máximo de 17 litros de engodo listo para empregarse (mollado e cribado) sen compactar nin dar forma en bolas. Tamén se permiten 2 litros de asticot por manga, podendo empregarse este último para cebar as augas.

**CAPTURAS.** – As percasoles, carpas, black bass e calquera outro especie do catálogo de especies exóticas ou invasoras. haberá que gardalas en seco e tamén poderán ser contabilizadas na pesada total de capturas. Para a pesada as capturas deberán estar completamente limpas de terra, area ou calquera outro tipo de lixo.

A organización farase cargo da retirada e tratamento dos exemplares de especies exóticas ou invasoras capturadas.

Está totalmente prohibido botar calquera tipo de lixo ou vertedura contaminante ás augas ou ó entorno. Os deportistas deberán deixar o posto de pesca totalmente libre de lixo.

Tódolos participantes deberán formalizar a súa inscrición e confirmar a súa participación, antes do día 5 de xullo de 2021 ás 14:00 horas, ao correo ourensedelegacion@fgpesca.org

Os deportistas con dereito a participación son nenas e nenos, mozas e mozos cuxa idade non sexa inferior aos 12 nin superior aos 18 anos.

Para participar cómpre ter licenza de pesca e tarxeta federativa en vigor.

Estas bases poderán ser adaptadas ou modificadas antes do inicio da competición por motivos de seguridade, igualdade ou calquera outro motivo que a organización entenda positivo para os deportistas, para o éxito da proba ou para o seu óptimo desenvolvemento.

Por mor da actual crise sanitaria a organización non entregará, nin fará servir, ningunha clase de comida nin bebida aos participantes. Cada participante deberá traer as súas propias bebidas e comidas debidamente identificadas. Prégase consultar na páxina web da Federación o Protocolo Covid-19 (www.fgpesca.org)

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma.

Para calquera incidencia non prevista nestas bases será de aplicación o Regulamento de Competición da FEPYC.

Para esta competición o responsable do protocolo Covid-19 é o Delegado Provincial da Federación Galega de Pesca e Casting D. Gabriel Fernández Vázquez tlf 699954985

**Asdo. Pedro Bolaño Pérez**
**Pte. Comité de Auga Doce da FGPeC**